



Feijoo asombra Galicia

A foto que fala

Uruguay. Ángela, de 15 anos, dá a luz axudada pola súa irmá. Segundo UNICEF, en Latinoamérica o 20% dos nacementos son de nais adolescentes. [Foto: Christian Rodríguez]



O trasno Os tigres son malos pastores

Daniel López Muñoz



As empresas multinacionais non teñen bondade nin maldade. Ser bo ou malo predícase das persoas: as multinacionais son o que son e non poden ser outra cousa. Son maquinarias inmensas para facer negocio, produciren ganancias, beneficios que se apropian privadamente os xestores e propietarios, tratando, si ou si, de pagar o menos posible ao fisco, procurando o menor custo e o máximo beneficio. Sen piedade, porque a piedade é cousa nosa, non delas.

Falar de “humanizar” unha multinacional é como, con permiso dos frades budistas, tratar de facer vexetariano a un tigre.

Por iso os cidadáns europeos –e calquera cidadán da aldea global, aló onde exista algo parecido a unha democracia- ten dereito a que existan poderes públicos democráticos que... Punto primeiro: non nos veñan coa andrómena de que as multinacionais son tigres vexetarianos. Punto segundo:

se poñan do lado da xente para que os tigres non nos papen vivos. Punto terceiro: non cambien nunca de bando. Con iso, en principio, abundaría.

Vén isto a conto do que, grazas aos xornalistas investigadores dos paraísos fiscais, neste caso das Bahamas, acábase de descubrir que nada menos que Neeli Kroes, a ex Comisaria Europea da Competencia, figuraba como directora dunha desas sociedades opacas –multinacionais en negro, digamos. Ela di que foi antes de ser comisaria. O sentido común di que

alguén que dirixiu unha empresa nun paraíso deses, creado para evitar pagar impostos no seu país, Holanda, non pode en ningún caso ser Comisaria Europea. Porque está do lado dos tigres. Unha labazada máis ao mito da Europa democraticamente modélica.

E con Duro Barroso, o que era daquela presidente da Comisión, pasou algo parecido, pero “despois”. Porque cruzou unha desas portas xiratorias e pasou a traballar para Golman Sachs, o xigante bancario privado que foi, en boa parte, responsable de falsificar as contas públicas de Grecia, o que desencadeou todo o que veu despois.

Todo isto parece un embeleño, pero é moi claro: nin o raposo vai coidar do galiñeiro, nin o tigre do rabaño. Neste xogo, cadaquén no seu papel.

Alguén se sorprendeu das palabras de Francisco en Estrasburgo, no Parlamento europeo, hai poucos meses, referíndose ás multinacionais e aos poderes financeiros que secuestran a democracia. Pois si, secuestran a democracia captando aos que mandan, e disfrazando os tigres con roupas de pastor.

Feijoo levou a metade do electorado. Gañou en todos os concellos, quitada A Capela, Negueira de Muñiz, Pedrafita, Parada de Sil, Ribas de Sil, Vilar de Santos, Entrimo, Calvos de Randín, Fornelos de Montes e a Illa (nesta ocasión, si que cómpre citalos). O triunfo numérico é incontestable, xa que os seus 676.676 votos superan os 644.952 que xuntarían os tres opositores significados (En Marea, PSOE e BNG). O cambio desta volta non foi posible.

O medo a unha suposta inestabilidade e inexperiencia, a prevención fronte ao descoñecido, o recordo dunha xestión “alegre e imaxinativa” do orzamento público en tempos de superávit e de vacas gordas..., ese tipo de percepción puido ser decisivo. Un hábil manexo do argumento da solidez, da disciplina orzamentaria e da unidade granítica (co pano de fondo do que pasa nas

Medos, o bloqueo nas Cortes, o desmarcarse da corrupción do PP e un repetitivo *sisisi GaliciaGaliciaGalicia*: Feijoo xogou as súas cartas

Cortes madrileñas), todo debidamente amplificado polas radios e televisións “oficiais”, fixeron a súa parte. Sen esquecer, quizais, a propina dun populismo neogaleguista, morno, baleiro e repetitivo (“Galicia, Galicia, Galicia, si, si, si”) e ese contundente marcar distancias coas siglas do PP español e da súa contaminada carga de Bárcenas, Barberás e púnicas. Feijoo xogou ben as súas cartas.

Fálase de que, en relación coa posible alternativa, en relación con ese tripartito posible, os votantes castigaron

a desunión. É unha análise demasiado fácil. A diversidade é un feito co que hai que convivir, que habería que ser quen de xestionar e que se pode explicar. A diversidade ben xestionada pode gobernar, pode convencer da súa viabilidade, con palabras e con feitos. Aínda máis: desta volta, as tres figuras significadas –Villares, Leiceaga e Pontón- transmitiron en campaña un talante moi favorable ao entendemento, mesmo cordial. E transmitiron algo máis, de grande importancia: máis calidade humana, máis capacidade e máis rigor do habitual. A culpa non é da diversidade, nin dos candidatos, senón, entre outras cousas, da improvisación, do “fogo amigo” e dos males crónicos do electorado de esquerda.


Continúa na páxina 6

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Todos os que lemos isto pasamos pola escola. Como ben se sabe é un dos nosos primeiros lugares de socialización. Todos alí aprendemos a convivir cos nosos iguais. E todos lembramos que como lugar de socialización aprendemos as inxustizas que existen na nosa sociedade. Unha desas inxustizas é a do acoso escolar. En todas as aulas había acosadores e acosados. Sempre era así, había que aprender a defenderse. O acosado era culpable por no saber imponse.

Pero realmente o acoso no nivel que sexa é unha desgraza. O máis cómodo é botarlle a culpa ao acosado facendo da vítima culpable. Pero a boa nova é a que a nosa sociedade está tomando conciencia da realidade e virándose



contra dela. Nos medios estase a falar do acoso e os centros comezan a tomar conciencia disto. Son moitas as iniciativas nese sentido. Hai centros que teñen equipos de mediación feitos polos mesmos rapaces. Parabéns.

Tamén é xeitoso o método finés kiva. Este método parte da idea de que o acoso é un problema social e non só do acosador e do acosado. Que en calquera caso de acoso hai unha so-

cidade (compañeiros de clase) que calan e acaban sendo cómplices pasivos. Que o acoso é un problema serio que hai que solucionar. Oxalá que pouco a pouco nas aulas haxa conciencia deste problema e se busquen solucións. Se educamos rapaces e rapazas críticos co acoso escolar formaremos adultos que denuncien o acoso laboral ou machista. *A educación é a arma máis poderosa para cambiar o mundo.*

1



3



2



4



A peneira

1

Nestes días estamos a ver o documental de Diana Toucedo: **ENTODAS AS MANS**, unha achega aos montes comunais, unha propiedade colectiva que ofrece moitas posibilidades para loitarmos contra a despoboación do rural dende a xestión da veciñanza.

2

Feijoo emulou a Euskadi na data electoral e debía aprender deles a facer un convenio para as 12.000 tarballadoras da **CONSERVA** no troco do cociñado en Madrid. Producimos o 80% e importamos sen saber a súa orixe por non obrigar a nova norma de etiquetaxe. Na foto, a sindicalista Rosa Abuín

3

O 26, Congreso **"MIGRACIÓN e Refuxio"** en Lugo, a cidade con máis inmigrantes (un 4,7%), e o seu barrio da Milagrosa, a área con maior proporción: un 12,6%. Na foto, a familia Ferirovic refuxiados da guerra de Bosnia, 20 anos en Sarria, onde acolleron os primeiros de Siria.

4

O 23, Día da Supervivencia Infantil denunciamos a morte de 19.000 nenos/as en cinco anos en Siria. Só o 43% dos somalís van á **ESCOLA**, e 5000 obríganos á guerra. O 80% son pobres sempre, e a máis menores máis risco. Ademais, os fillos de pais sen educación primaria non chega a máis.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

O 8, natalicio do Padre Feijoo, no Día da **CIENCIA** lembramos a Ignacio Ribas Marqués, creador da Escola Compostelá de Química dos Recursos Naturais. A súa teima foi fornecernos de ciencia contra a ignorancia. Descubriu alcaloides de leguminosas como a "ourensina", "santiaguina"...

6

Coren, na súa planta de Celanova, investiga no **VALORPUR** a conversión de xurro de porco en fertilizantes ou biocombustibles. Os residuos líquidos van limpase con estacións flotantes para regar as fincas. Só as granxas desta cooperativa producen 250.000 toneladas destes residuos.

7


A Exposición das Letras Galegas pode verse na Asemblea dos **AZORES** nos 40 anos de autonomía deste arquipélago portugués e cadrando coa presentación de *Zara* do seu poeta Antero de Quental, traducido por Curros. É unha mágoa que Galiza non se integre na Comunidade Económica de Países de Lingua Portuguesa (250 millóns).

8

Galiza segue a venderse ao capital estranxeiro, dende a AP-9 ata R, a pizarreira Cupa, a conserveira Albo... E non se fai para reflotalas dunha crise, senón para aproveitar os nosos recursos. De feito, somos os menos beneficiados da **INVERSIÓN** estranxeira, só o 1% de todo o Estado.

Editorial 25-S: Claves e desafíos

Ven da páxina 3



É por aí, por onde aínda hai moita leira que labrar e moitos deberes que facer. Con respecto ás expectativas teóricas e máximas, En Marea quedou por baixo e PSdeG-PSOE (habería que dicir, Leiceaga), tamén. O BNG fixo ben os deberes, remontando uns prognósticos agónicos.

Porén, En Marea, obxectivamente falando, tivo un bo resultado. Foi vítima, iso si, das súas alianzas madrileñas e do efecto suflé dun Podemos que un día entusiasmo, ao seguinte desconcerta e ao outro comeza a anoxar o persoal. A complexa arquitectura do proceso de confluencia non lle quita mérito ás bases galegas da Marea, todo o contrario, nin a un candidato excelente –que irá gañando a experiencia que lle falta-, que conseguiron unha plataforma única, feita en Galicia e desde Galicia, pero que posiblemente acabou pagando os pratos escachados dos politólogos da Complutense. Quizais tamén esa complexidade dos *procesos*, non sempre doados de entender e de explicar, provocou que a convocatoria de eleccións, habilmente adiantada por Feijoo, os pillase fóra de xogo, con case todo por facer ou, que remedio, que improvisar. Esa foi a percepción xeral.

O desafío en Galicia é tecer unha oposición madura, preparada e concertada desde a diferenza

Leiceaga foi, con moito, o mellor candidato socialista en anos. Por talante e por talento. Pero o PSOE brilla, abraia, pola eficacia e a cantidade do *fogo amigo*. Non precisan inimigos. Caín contra Abel –ou para sermos exactos, neste caso, Abel contra Xoaquín. Un odio imposible de explicar. Eles non precisan rival. Eles mesmos son os que con golpes baixos e xogo sucio se canibalizan con deleite. Bo proveito, donas e cabaleiros!

Ana Pontón, estivo sólida e brillante, xa desde o debate, ese que Feijoo non quixo repetir por se acaso. O contrapunto de Mini foi máis ca un acerto, porque rompía os esquemas: as súas intervencións non eran mítins, senón testemuña persoal, algo tan sincero e poético como convincente. Moi de agradecer.

O “voto do cambio”, da indignación famosa, é voluble. A participación medrou, pero só pola mañá. O da tarde non medrou. Hai unha perseveranza e unha paciencia no voto da dereita que non existe no voto do cambio. Con tales vimbios non saen ben os cestos.

O problema non estivo na campaña senón na lexislatura. Vista desde o labor opositor, foi bastante pobre. O desafío en Galicia é tecer unha oposición madura, preparada e concertada desde a diferenza, desde a diversidade aceptada, deseñando unha batería de medidas e propostas para os temas clave dunha lexislatura. Presentar alternativas, cambios de enfoque, botar os números, convertelos en plans de acción... E facelo como oposición coordinada que ten vocación de xestionar un posible cambio. Porque en Galicia non haberá cambio sen que eses tres actores políticos (Mareas, PSOE e BNG) fagan un esforzo real e non finxido de cooperación. Hai catro anos para preparar esa acción coordinada. Oxalá captasen a mensaxe.



O peto común

Teri Souto

Nesta noite de outono, desexando ver os cambios na paisaxe de Galiza, desexando ver os ocres cubrindo os camiños... desilusionadas porque os cambios non dan chegado, a pesar dos esforzos e ilusións seguirán os mesmos. Mais orgullosas do traballo, o empeño, a idea, o discurso e a presenza.

Coas mochilas preparadas, que mañá é día de colexio para os nenos e nenas, o futuro do país, e todo seguirá igual, se non peor se cabe. Que futuro lles estamos preparando? Só me pregunto se se lles ofrece una boa aprendizaxe nas escolas, se a sanidade pública os atende ben, se servizos sociais cobre as súas necesidades básicas, se os seus pais e nais teñen un emprego, se os motivamos para estudar, ou formarse no oficio que escollan, se van manter ilusións por construír un bo futuro.

Hoxe, souben que unha veciña e amiga tivo que marchar traballar fóra, ben lonxe, que os primeiros días están sendo duros, que bota de menos a Terra, e enchénselle os días de morriña, e co que ela ama o seu fogar! Que triste que non sexamos capaces de dar cabida ao traballo, esforzo e suor de tanta xente tan válida que ten que facer as maletas, pero non para ir ao colexio mañá, se non para emigrar. Meu pai, que tamén che está a varios miles de quilómetros, ás 12 do mediodía, díciame: "pola noite chámame e cóntame os resultados electorais". E eu díxenlle: "se queres xa chos digo agora..." E non me equivocaba. Oxalá me equivocase.

Vénme á cabeza Penélope de Díaz Castro

"Un paso adiante e outro atrás, Galiza, e a tea dos teus soños non se move. A esperanza nos teus ollos se espreguiza. Aran os bois e chove"



O CARRABOXO por ROBE LOIS





Por que a necesidade de escribir un libro coma este?

Vivín moitos anos fóra de Galicia, mais levábaa e sigo a levala moi fondo dentro de min. Non sei se a outros lles pasou o mesmo. Dedicara xa a esta temática varios libros, artigos, etc., pero eran temas en definitiva parciais ou sectoriais en relación coa temática galega. Sentía a necesidade de ofrecer a un público máis amplo -desde o punto de vista da miña propia formación e dedicación filosófica, antropolóxica e en certo grao tamén teolóxica- a miña propia visión sobre Galicia. Era consciente de que había xa estudos especializados sobre diversos aspectos desta temática, mais tiña a impresión de que faltaba unha visión máis conxunta e xeral sen deixar por iso de manter un nivel digno.

Conversamos con Manuel Cabada Castro e falamos sobre o seu último libro, Galicia. Raíces e compromiso, publicado pola editorial Ir Indo. Natural de Sabucedo (A Estrada), a súa ampla formación académica levouno até Alemaña, onde foi discípulo de Karl Rahner, quen dirixiu a súa tese doutoral. Profesor universitario na Complutense e Comillas de Madrid, ademais dos seus traballos sobre filosofía, a súa reflexión noutros campos sobre Galicia estivo sempre presente e este libro é unha proba de gran calidade.

De entrada presentas a proposta de que como galegas, cómpre comprendermos quen somos. Non nos coñecemos? Non nos comprendemos?

Comprenderse ou “coñecerse a si mesma/o” é tarefa que supera unha vida. Isto vale de maneira xeral. Mais o propio coñecemento e comprensión tórnase especialmente difícil e traballoso cando, en canto galegas/os, pertencemos de feito a un país, nación ou como queiramos denominalo, que desde séculos está social, cultural e politicamente marxinado e negado en canto diferente. Por iso no libro busco pola miña parte, antes ca nada, informar e máis informar!

Defende a especificidade da cultura galega, a existencia dunha idiosincrasia propia, dun feito diferencial respecto do resto do Estado. Non lle

preocupa que se entenda que está a enfatizar o que nos “separa” dos outros habitantes do Estado, sobre os aspectos que nos unen?

A verdade é que iso non me preocupa en absoluto, aínda que admito que alguén poida ler o escrito desde ese punto de vista. Non hai cousa que máis separe ca o mutuo descoñecemento entre as diversas culturas, linguas, etc. xunto coa errónea idea de que o mellor modo de conviviren as diversas culturas é tender (utilizando

os medios que sexan, directamente violentos ou non) a uniformar ou unificar linguas, culturas, etc. Este tipo de “unidores” ou buscadores dunha única cultura (por si mesma presuntamente máis digna) son os verdadeiros separadores e os meirandes inimigos da convivencia.

No libro fala de que a dispersión da poboación no noso país, a ocupación do espazo, unha tendencia á “ruralización”; é un dos aspectos que dun xeito moi visible, marca a diferenza entre Galicia e o resto da península. A que responde este feito?

Este xeito de dispersión galega, debido en boa parte á mesma xeografía e aos moi antigos modos de habitaren xa así dos nosos predecesores, marca fundamente o noso modo de ser, a nosa cultura (entendida sempre esta

Non hai cousa que máis separe ca o mutuo descoñecemento entre as diversas culturas e linguas

no seu estrito sentido antropolóxico). Por iso resultou tan grave e traumático o abandono masivo do mundo rural en Galicia, continuando a ser aínda hoxe un dos factores que moi probablemente máis contribúen á desconexión cosa nosas raíces.

Falas da feminización ou da valoración xeral do feminino na cultura galega, que abrangería desde o plano íntimo da afectividade até a nosa relación co contorno, coa paisaxe. Cales

serían os trazos fundamentais desta cultura maternal galega?

Historicamente a muller é un elemento decisivo e omnipresente na cultura galega por moi diversas razóns, como a relevancia do fogar, da terra, da estabilidade familiar, etc. A longa historia de dependencia e sometemento político de Galicia contribuíu fortemente, por outra parte, a que sobre todo os varóns se visen abocados frecuentemente a viviren e traballaren fóra dos eidos familiares e do territorio galego. De aquí que a

feriores, ridículos, etc. Nós eramos no século XVI os “indios de Europa”.. O segundo paso, case máis perigoso, é o de asumirmos nós mesmos dalgún modo esa deformada visión sobre nós dos de “fóra”.

Deteñámonos no apartado dedicado ao humor e na ironía. Salienta o recoñecemento do humor tanto “popular” coma “literario” galego. Por que, pensa, que se impón socialmente o tópico do andaluz como sinónimo do humor, fronte ao galego reservado e serio?

A Igrexa segue a ter unha débeda histórica coa cultura galega

muller galega sexa tradicionalmente portadora e transmisora de afectividade e de cultura, mais tamén, ao tempo, de fortaleza, laboriosidade e sentido práctico e dirixente, calidades que noutras culturas adoitan ser consideradas como patrimonio dos varóns.

No primeiro dos apartados do libro, presenta unha serie de características que, desde o teu punto de vista, identifican e singularizan a nosa cultura: a saudade, o sentimento e a interioridade, o espírito libre, a ironía, entre moitas outras. Achega unha perspectiva moi positiva das mesmas. Por que cre que tradicionalmente se enfatizou moito máis os posibles aspectos negativos destas características?

Os antropólogos falan de choques entre culturas. Un choque cultural adoita ter como consecuencia o sometemento dunha cultura, técnica ou politicamente máis feble, a outra máis forte e poderosa (nese mesmo sentido). Dende máis ou menos finais da Idade Media, Galicia iniciou unha longa andaina de dependencia social, humana e política, que supuxo nos “invasores” ou “colonizadores” unha visión dos nosos modos de ser, de falar e de nos comportar como in-

Non me atrevería eu a falar dun “humor” andaluz a non ser nun senso amplo desta expresión, aínda que nisto son naturalmente os andaluces os que teñen a palabra. O humor galego si que é en xeral recoñecido como unha das manifestacións máis específicas da nosa cultura. O que ocorre é que o “humor” galego require para a comprensión e o coñecemento da súa función unha suficiente inmersión na nosa cultura, cousa nada doada para os que non participan dela. De non ser iso así, o noso humor vén percibirse como algo excesivamente sutil e distante ou incluso opaco. En troques, darse conta do noso talante galego “reservado e serio” non semella requirir sutilezas especiais.

Salienta en reiteradas ocasións que Galicia é un país que sufriu unha forte dependencia cultural e política. Fala mesmo, citando outros autores que o noso País se podería considerar unha “terra de colonización”, un territorio colonizado por Castela.

Para min iso é algo ben claro cando un se debruza un pouco nos avatares da nosa complicada historia. Boa parte do estudo dedícase a amosalo. O que ocorre é que estamos moi condicionados por unha determina-

da “historia” oficial, que empeza felizmente xa a perder, aínda que só paseniñamente, as súas interesadas seguridades.

Nesta liña, sitúa no principio do s. XVI, no reinado dos Reis Católicos, a consolidación definitiva desta situación de dependencia. Un feito que non se limitaría unicamente á marxinação da nosa cultura, senón a unha explotación económica dos nosos recursos, postos ao servizo de elites foráneas.

Así é. A dependencia, para ser útil e propicia aos poderes fácticos que a instauran, tiña que abranguer o conxunto de todas as dimensións nas que está estruturada a cultura ou o país en cuestión. Abrangue, pois, a dimensión política estritamente tal, a lingua, a economía, etc. Só así pode resultar verdadeiramente eficaz unha intromisión allea. E canto menos perciban os afectados pola dependencia esta mesma dependencia, tanto mellor e máis cómodo para os seus planificadores.





E nesta liña, vincula esta explotación foránea coa pobreza en que vive a poboación galega ao longo da Idade Moderna e Contemporánea. Cre que se pode dicir que o atraso actual que presenta a economía galega teña estas bases?

Cando unha sociedade ou un país se ven desprovistos, debido a unha interesada intromisión foránea, das súas propias posibilidades de goberno e desenvolvemento, fica necesariamente á mercé dos intereses foráneos (tamén loxicamente económicos) que lle son impostos, e non dos propios. Son diversos os estudos (algúns utilizados no libro) que aluden a que tal situación repercutiu tamén dunha ou doutra forma no precario e tutelado desenvolvemento da economía galega ao longo dos tempos.

Ademais dos sucesivos reis de Castela, sinala a Igrexa coma o outro grande factor para o empobrecemento de Galicia e da súa dependencia cultural. Poderíamos concluír que a Igrexa xogou un papel nocivo para a nosa cultura?

Prescindindo naturalmente da súa incidencia relixiosa estritamente tal sobre as xentes galegas, a Igrexa, desde un punto de vista xerárquico e organizativo, accedeu tamén a Galicia, e moi maioritariamente, “de fóra”. Traía polo tanto consigo unha cultura, lingua e modos de ser que non eran os

Fariannos falla hoxe moitas Rosalías que soubesen levantar a súa voz contra a crecente diminución do uso da nosa propia lingua

do País galego. As diferenzas neste sentido entre o ocorrido, en relación coa Igrexa, en Cataluña ou no País Vasco son ben patentes. Pódese dicir que a Igrexa segue a ter aínda nesta cuestión unha débeda histórica con Galicia.

Con todo, refírese ao longo do seu libro ás reflexións e á visión que achegaron os frades Martiño Sarmiento e Benito Feijoo. Cre que ambos os

dous teñen o recoñecemento histórico e social que deberían?

Coido que habería que distinguir, con todo, en canto á relevancia de ambos os dous en relación con Galicia, a Sarmiento de Feijoo. No que ten que ver coa temática do libro, Sarmiento é moito máis decisivo que Feijoo. O primeiro é un fóra de serie e un perspicaz adiantado na súa visión da problemática cultural, tanto histórica como lingüística, de Galicia. Se se atende a este seu tan importante labor pioneiro, pódese dicir que Sarmiento é aínda un descoñecido, a pesar do coñecemento (limitado en calquera caso) que hoxe se ten de bastantes dos seus escritos.

Cita a Rosalía para amosar a visión moi negativa que existía de Castela e dos casteláns no s. XIX. Pensa que existe unha visión parecida na actualidade?

A visión de Rosalía sobre Castela está sobre todo en relación co tema da sangrante emigración galega, ben sexa temporal (a Castela) ou a outros países. O que pode ter de limitada tal visión en canto relacionada cunha

determinada época histórica non ten, porén, se se ven as cousas desde un punto de vista máis xeral, en canto que Rosalía foi moi consciente da discriminación de Galicia e loitou coa súa pluma contra o sometemento da nosa cultura a instancias alleas. Fariannos falla aínda hoxe moitas Rosalías que soubesen levantar a súa voz contra a crecente diminución do uso da nosa propia lingua fronte á ubicua presenza do castelán.

In memoriam Para Elías Seoane Ramírez

Xaquín Campo Freire



A primeira *Irimia* imprimíase no pequeno prelo de Elías de Barallobre. Así coñecemos en *Irimia* ao párroco Elías Seoane. A súa vida comprometida foi larga, longa, intensa. Foi unha figura decisiva na banda sur da Ría de Ferrol. Para Astano, Fene e os movementos sociais e obreiros, Elías é impagábel. Xaquín Campo Freire recolle nesta páxina de homenaxe testemuñas da xente diversa que o recorda con emoción e agradecemento.

Elías significa “o meu Deus é Iavé”, e foi un profeta do divino e do humano do A.T. Detrás de todo nome hai sempre unha persoa, unha grande biografía. Pon o nome deste home en google e verás marabillas. Este Elías de hoxe encheu de bondade, paz, amor e xustiza o mundo, desde Ferrolterra. Deixa detrás unha escola de abondosa sementeira profética. Párroco de Santiago de Barallobre, Fene, finou este quince de setembro, con 89 anos de vida. Estas son testemuñas da xente do lugar.

“Referente na pastoral obreira, na cultura e defensor da unión de todo Ferrolterra. Recordámolo con cariño na nosa diocese. Naceu n’As Somozas. Foi editor de *Boa Nova*. Comprometido coa Catequese. Descansa en paz, amigo Elías!” (Diocese Mondoñedo-Ferrol).

“Destacou polo seu labor pastoral e humano e tamén pola tolerancia, a solidariedade cos máis desfavorecidos e un comportamento baseado na xenerosidade, na humanidade e na ética. Foi un exemplo de amor pola lingua e a cultura galegas, polo contorno máis inmediato, polas cousas máis próximas. Nos últimos tempos do franquismo, permitía reunións clandestinas de forzas galeguistas e de esquerdas no coro parroquial e na casa reitoral. “*Nunha viaxe a Arxentina, coñecín o valor da liberdade*” dicía Don Elías. (Radiofusión).

“Foi un home comprometido co País, cos movementos democráticos. Funcionou na súa casa a vietnamita en tempos duros. De Barallobre saían *octavillas*, panfletos. Revistas semilegais. Alí vin por primeira vez un escáner. Adiantado nas tecnoloxías da información escrita, colaborador dos movementos cristiáns polo socialismo. Bo home. E socio do Celta. Fumaba con pracer, picadura, e botáballe a culpa do tóxico ás tabaqueiras e as súas manipulacións.” (Carlos Neira).

“*Para min Barallobre foi toda a miña vida*” afirmaba nos actos no 75 aniversario do Monumento ao Camiñante Descoñecido. Foi párroco en Barallobre durante 63 anos. Antes estivo en Betanzos onde asistiu a Foucellas tras ser detido pola Garda Civil” (Radio Fene). Foi un bo músico: “Neno de coro”, na Catedral de Santiago.

“O sepelio, tal e como era a súa vontade, no cemiterio de Barallobre, xusto ao pé da tumba de D. Andrés Ares Díaz, crego do Val de Xestoso en Monfero fusilado en outubro de 1936, por negarse a entregarlles aos golpistas os cartos que tiñan para a festa do patrón” (Radiofusión).

“Elías, o histórico cura de Barallobre, un exemplo de compromiso con Galicia e coa Igrexa. Home extraordinariamente humano; e, ao mesmo tempo, dunha espiritualidade inmensa, infinita. Amaba profundamente os libros. Sempre tiña xunto del unha foto de Parallé, do Poeta do Penedo. E as portas da casa reitoral de Barallobre -esa parroquia de Fene que é mar e terra ao mesmo tempo-, non se pechaban nunca. Viviu nunha entrega constante aos demais. Deu testemuño de Deus, coa súa propia existencia, ata o seu último día na terra” (R. Loureiro).

“Suave, amábel, moi cariñoso nas formas, pero forte e rexo no compromiso cos débiles, coa xustiza, co mundo obreiro. Moi traballador. A cultura e fala galegas estiveron sempre no seu norte de home e crego. En verbas de Gabriela Mistral: “Dígoche, Señor, que era bo. Dígoche que tiña o corazón enteiro a flor de peito. Que era suave de índole, franco e transparente como a luz do día, cheo e repleto de milagre como a primavera” Elías, vai na paz de Deus.” (X. Campo Freire).

No cemiterio démoslle un aplauso tan emocionante que parecía non ter fin.

Ás furtadelas (*) O tempo da Aldea: Cooperativa veciñal de Rebordechán (Crecente)



Rebordechán atópase á beira do río Miño, no concello de Crecente

As aldeas do século XXI teñen pouco que ver cos recordos, coa historia e historias que gardan a memoria dos nosos pais e avós. O Tempo da Aldea Sociedade Cooperativa Galega nace co obxectivo de poñer en valor e explotar os recursos da parroquia para crear postos de traballo e diminuír o risco de incendios, para darlle nova vida á aldea. A horta e os animais compartirán espazo nun contorno natural único, nunha parte do monte da aldea de Rebordechán.

Rebordechán (Crecente) é unha parroquia duns 50 veciños, Unha aldea de tantas, desas que hai espalladas por Galicia con demasiados funerais e ningún nacemento. Para evitar o último dos enterros, o da aldea en si mesma, había que dar pasos importantes que requerían do compromiso coa terra dun grupo de veciños ou persoas cun vínculo estreito coa parroquia. A proba dese compromiso está na recuperación de festas tradicionais como o Entroido, o Magosto ou ir cantar os Reis, e na creación doutras novas como a Romaría do Castríño, a Noite da Moura ou a Festa dos Cativos. Está na loita pola mellora de accesos e infraestruturas.

No ano 2007 a Comunidade de Montes promoveu un proxecto de recuperación integral da parroquia baseado no aproveitamento dos recursos propios. O toxo que medra no monte serve de alimento a cabras, cabalos e porcos celta. Deste xeito lóitase contra os incendios e obtense carne de excelente calidade. A horta será unha compoñente fundamental do Tempo da Aldea sen esquecerse do viño, a froita, o mel... No contorno atópanse castros celtas, pontes medievais, cru-

ceiros... Puntos de interese das moitas rutas de sendeirismo que vertebran a parroquia. Para poder gozar de toda esta riqueza, os veciños pensan na creación dun campamento e no aproveitamento das máis de 20 casas pechadas que agardan a todo aquel que queira achegarse.

O 9 de novembro de 2012 O Tempo da Aldea pasa a formar parte do rexistro de cooperativas da Xunta de Galicia. O pasado 26 de xuño, o Concello de Crecente, previo informe favorable da Xunta, aprobou darlle licenza de obra para a construción dunhas cortes para cabras, a instalación dun invernadoiro para horta ecolóxica e a dun campamento con tenda e restaurante incluído.

Os 77 socios estamos hoxe máis convencidos ca nunca de podermos adaptar os vellos recursos ás novas demandas, de poder demostrar non só que a aldea está viva, senón que lle queda moita vida por diante.

O necesario apoio da administración Os socios e socias que forman parte da cooperativa e a propia comunidade de montes realizaron nos últimos anos achegas importantes, pero para completar a iniciativa *O Tempo da*



A parroquia foi perdendo poboación, ata ficar nuns cen veciños e veciñas

Aldea necesita máis financiamento, ao redor de 200.000 euros, co obxectivo de poñer en marcha actividades que consigan que o proxecto xere ingresos dende o comezo, e sexa economicamente autosostible.

Unha axuda que, de momento, non chegou dende a Administración. «**O noso proxecto explícase en dúas liñas: en Galicia hai preto de 2.000 aldeas abandonadas e outras tantas a piques de desaparecer. Nós queremos aproveitar os recursos da aldea e do monte, xerar postos de traballo, acabar cos lumes e achegar unha idea para o futuro do rural galego.** Levamos moitos anos coidando do noso pasado e chegou o momento de dar un paso adiante. Ofrecemos unha solución privada a un problema público e político: o despoboamento do rural», explican. «**Nós fixemos o noso traballo, o proxecto está completamente deseñado, a responsabilidade de que o rural estea vivo é das administracións**», salienta David Lourido, vogal da cooperativa e responsable de Comunicación.

Destacan que a relación co Concello é boa, pero aínda que a finais do pasado a Deputación de Pontevedra lles abriu nun primeiro momento as portas, dende *O Tempo da Aldea* denuncian que non volveron ter noticias do ente provincial, ao que lle dedicaron hai uns días unha carta aberta. A relación coa Xunta non é mellor: «**É moi rechamante que un proxecto coma o noso, que busca tirar proveito dos recursos do rural e do monte, para protexelo, conservalo e potencialo, aínda non atopou cabida en case que ningunha liña de subvención**», destaca Lourido.

80 cooperativistas e a comunidade de montes impulsan a iniciativa




© O Tempo da Aldea

Rebordechán organiza todos os anos a Festa dos Cativos



© O Tempo da Aldea

○ proxecto quere aproveitar os vizados recursos naturais dos que goza a zona



© O Tempo da Aldea

○ proxecto de revitalización da aldea esta deseñado ao detalle, pero necesita financiamento para completarse



© O Tempo da Aldea

O noso taboleiro Escola de espiritualidade

Marta Sopena

A Escola de espiritualidade inicia este ano un novo ciclo formativo. Nacida en 1994, en Sobrado dos Monxes, a escola pretende, desde o seu comezo, contribuír á encarnación da experiencia evanxélica na vida real. Non busca ser un grupo ou movemento á parte, senón axudar á promoción dunha fe que alimente a vivencia persoal e fomenta o compromiso comunitario.



DINÁMICA

Mañá: Deus crea por amor

Oración comunitaria

Exposición teolóxica e diálogo

Tarde: sesións temáticas

- Ausencia de curas: problema e oportunidade
- Despoboamento en Galicia: alternativas
- Sede de espiritualidade no mundo actual
- Islam: conflito ou integración
- A Igrexa desde unha perspectiva feminista

Celebración

LUGAR:

Centro Proxecto Home. Rúa do Cotelengo 2 (detrás de El Corte Inglés)

SANTIAGO DE COMPOSTELA

DATAS: - 19 de novembro, 17 de decembro, 04 de febreiro, 25 de marzo e 20 de maio. Convivencia en Sobrado: 9, 10 e 11 de xuño

HORARIO: 10.00 a 19.00 horas

MATRÍCULA: 35,00 € (existe un fondo de becas para subvencionar a asistencia a quen teña dificultade cos gastos).

SECRETARÍA / CONTACTO: M^a Carmen Turnes Negreira (turnesnegreira@yahoo.es)

EN INTERNET: <http://escoladeespiritualidade.blogspot.com.es/>



Deputación
DA CORUÑA

EDITA: Asociación A. IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobbarrio (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espeira Medina, Francisco Almuña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Manuel Arca e J.M. Barca López.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓN EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓN: Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscripción@asociacion-irimia.org

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>

FEITO EN PAPEL RECICLADO



Boa Nova



O ECO

O que fai un cueiro

Viaxe de avión interminable, tentando durmir para esquecer o que falta, acordo irremediabilmente por mor dun cheiro que acabo identificando cun cueiro sen cambiar... pobre criatura e pobres de nós que non temos como fugarnos.

Unha morea de lembranzas acedas pode comigo ... triste remoer de fracasos e decepcións, todo nunha pila. O moito bo que tamén traio non aparecía por ningures.

Cando toca, toca, e non hai quen se libre das noites pechas e fedorentas que paralizan o corazón.

A lepra do pensamento é peor que a do corpo, non atopas ás veces como tirala de riba e mesmo semella sen saída, leva moitos nomes como depresión, desalento, desespero, desasosego... comezan por "de" e o mesmo se activan por un cueiro fedorento abandonado que polo resultado dunhas eleccións. Para isto papei tantas millas polo ar? para isto retornei á terra?

Como podo, volto ó pé do Mestre, no avión e hoxe, domingo tristeiro como poucos, vou lendo a consigna e remoéndoa: voltar. Si, voltar, voltar sempre ao seu carón para avaliar o meu baleiro, a miña impotencia *cansona* (adxectivo colombiano que se entende sen dicionario), a miña lepra teimosa, voltar para decatarme que só me libera do mal unha palabra: **Grazas**.

E sobre todo nunca esquecer voltar, unha e outra vez onde ti que nunca cansas e deixarse caer nas túas grandes mans cheas de callos de tanto sosternos. Sí, voltar, sempre e pronunciar ...*Papá, papaño meu, noso papá...* e caer durmida.

Christina

DOMINGO 9 DE OUTUBRO. XXVIII DO TEMPO ORDINARIO

A PALABRA. Lc 17, 11-19

A PALABRA

Indo Xesús camiño de Xerusalén, mentres pasaba entre Samaría e Galilea, ao entrar nunha aldea, saíronlle ao paso dez gafos. Pararon ao lonxe, e dando voces suplicáronlle: «Xesús, Mestre, ten dó de nós.» El, ao velos, díxolles: «Ídevos presentar aos sacerdotes.» E aconteceu que cando ían para alá, quedaron limpos. E un deles, ao se decatar de que estaba curado, volveu loando a Deus con grandes voces. E prostrándose, rostro en terra, aos pés de Xesús, deulle as grazas. Era un samaritano. Xesús dixo: «Non foron dez os que quedaron limpos? Onde están os outros nove? Ninguén, fóra dun estranxeiro, volveu para lle dar gloria a Deus?» E engadiu: «Érguete e vaite: salvoute a túa fe.»

Dos dez curados só un volve dando as grazas.

Así é a cousa. Naqueles dez homes nos que Deus actúa so hai un crente, que se volve agradecido. Ao noso rente pasan moitas persoas, todas viven nas súas vidas experiencias de sanación, experiencias de plenitude, pero só una de cada dez é quen de volverse a Deus, de vivir no seu interior a experiencia da transcendencia, de abrir esa porta da alma que a leva máis aló de si mesma, "ao infinito e máis alá", que dicía Buzz, o personaxe de Toy Story. É así, e temos que saber que esta realidade non é nin mellor nin peor, simplemente é. Somos todos diferentes, cada persoa ten as súas cualidades, cada alma ten as súas barreiras e limitacións.

Non se trata de ser máis ou menos agradecidos. Xesús non fai reproches, só constata unha realidade: dos dez, só un daqueles homes sóubose tocado pola transcendencia. Mellor para el, porque foi quen de vivir a experiencia da sanación de xeito máis gozoso e pleno ...foi o que perderon os outros nove!!

E así é sempre. Hai xente capaz de vivir cen experiencias diante dunha obra de arte e outras que pasean o museo sen emocionarse con nada. E, coma todas as capacidades humanas, esta tamén se educa, afóndase nela e vaise ensanchando ao longo da vida. O principiño de Antoine de Saint Exupery ensinaba a achegarse ás cousas con ollos de transcendencia. Practiquemos!!

Marisa de Corme

A CLAVE

Falando da lingua Abraiadiñas !!!

Lidia e Valentina



A verdadeira filloada

Con olímpicos e paralímpicos quedamos en setembro, pero se ben é certo que xa remataron os Xogos Parolímpicos (non esquezades que debedes dicir “olimpíadas” e, polo tanto, “parolimpíadas”), a nós faltounos por compartir con vós un detalle. Non vain de gañadores, nin de perdedores, nin de medallas. Non Trátase dunha entrevista dun comentarista que andaba polo Brasil cubrindo o evento e que recomendaba moi vivamente unha “filloada”...

Non lembramos nin a emisora, nin o nome do señor. O caso é que levounos un bo anaco en entender a que se

estaba a referir aquel paisano, que se desfacía en explicacións sobre aquel prato riquísimo, contundente. Chegamos a pensar nunha variante introducida polos moitos emigrantes galegos que se fixeron coa restauración nas principais cidades de Brasil e que tiña a súa orixe na filloa galega. Ai, pero cando empezou a insistir en que “la filloada” (porque falaba en castelán) era un prato que se comía moito en todo o país e que se consideraba a comida típica do Brasil, xa soubemos que non. Vimos a luz cando dixo que a base do prato eran os “frijoles”. O informante estaba a referirse aos

“feijões” (lido á portuguesa, con fricativa palatal sonora, pronunciado coma o noso X, pero facendo vibrar as cordas vogais). Polo tanto, a comida á que facía referencia era a “feijoadá”, que, dita por un brasileiro, que pecha bastante o “e” inicial e o “j” o le como vos acabamos de explicar, deu na “filloada” do outro... Para os falantes de castelán, lingua na que non existe a fricativa palatal, o son máis parecido é o palatal lateral (ll), pero iso non xustifica que nunca fagan esforzo por achegarse á lingua veciña.

Tamén hai moita xente que le á española o apelido “Coelho”, que queda nun sen sentido “Coelo” porque non é sabido que o “lh” representa o mesmo son que representamos en galego e castelán con “ll”...

Non sabemos en que quedará o manifesto que promoveu Teresa Moure este verán para que as persoas que en Galicia optan pola grafía lusista poidan acceder a premios literarios e a ver as súas obras publicadas. Mais o que si sabemos é que se precisa moita pedagogía antes de que a poboación media lea en portugués. Iso haino que ter en conta.

O Fachineiro das eleccións

Era todo mentira

Quen procure unha análise asisada dos resultados electorais xa sabe que non é esta a columna onde vai atopala. Conque vou comezar por dicir que era todo mentira. A xente non estaba realmente preocupada polo prezo do leite nin polo sector agrario cando se manifestaba; tampouco non importaban tanto aquel mal xenio coa frota do cerco; e tampouco cando saía á rúa contra a privatización da sanidade, do copagamento dos medicamentos ou dos céntimos sanitarios que pagamos ricos e pobres cando enchemos o depósito do coche. Era só enfado dun día aqueles que se dicían indignados pola desatención aos enfermos da hepatite C; os lamentos polos mozos e mozas que teñen que emigrar eran laios



de carpideira comenciada; o do cabreo coa forma de ofrecer traballos de Baltar era simplemente anoxo de neno enfexo; que os que aparecían na foto co presidente estean agora levemente condenados por acabaren co sistema bancario galego non merece máis ca un mal xesto nunha partida de tute; que en plena campaña, cando xa se intuía a goledada, Feijoo emulase os regates innecesarios de Neymar e lle dese outra patada nos dentes á lingua galega só merece respostas de tuit, que arrefrían ás dúas horas. Así que este fachineiro ten que volver a lembrar o verso de Quevedo: “Y no hallé cosa en que poner los ojos”

A.Q.